

ASAMBLEA CONSTITUINTE COEQGa

Sábado 26 de Xuño de 2008

Ás 18:30 h no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñería da Unversidade de Santiago de Compostela, en segunda convocatoria e coa aistencia (física ou baixo representación firmada a tal efecto) dos socios membros que se relacionan á marxe, declárase aberata a Asamblea Constituinte do Colexio Oficial de Enxeñeiros e Enxeñeiras Químicas de Galicia.

Preside a Asamblea Consituente a Presidenta da Asociación de Enxeñeiros Químicos de Galicia e da Comisión Xestora, Dra. Almudena Hospido Quintana, e actúa como secretario o vicepresidente da mesma, Don Ivan Seijo Maroño.

A Asamblea foi convocada en tempo e forma, mediante comunicación postal e correo electrónico, coa seguinte orde do día:

1. Informe do presidente da Comisión Xestora.
2. Ratificación da Comisión Xestora, das súas actuacións e do informe de gastos, se procede.
3. Presentación da proposta de estatutos definitivos do colexio profesional e das emendas presentadas. Debate e votación.
4. Presentación de candidaturas e elección dos cargos da Xunta de Goberno.

Como primeiro punto da orde do día, a presidenta presenta e informa de tódolos pasos realizados ata a data para a posta en marcha do COEQGa, dende a redacción da memoria de solicitude correspondiente por parte de AGaEQ, ata a creación da Comisión Xestora para a redacción dos Estatutos do Colexio.

Asemade, informa de todos os pasos dados por dita Comisión Xestora na redacción da primeira proposta de Estatutos, que serven de base para o debate na propia Asamblea Constituinte.

No segundo punto da orde do día, a presidenta presenta un informe dos gastos empregados na creación do Colexio, que ata a data foron asumidos íntegramente pola AGaEQ, o seren a consecución do Colexio un dos grandes obxectivos da Asociación.

Un socio pregunta se no futuro estes gastos serán cargados ó Colexio, ó que a presidente responde que o Colexio terá obriga de devolvelo, pero será a propia Asociación Galega de Enxeñeiros Químicos a que opte por renunciar ou non ó cobro deses gastos.

A continuación, procédese á votación para a ratificación das actuacións da Comisión Xestora, á cal apróbbase por unanimidade.

Coma terceiro punto do orde do día, preséntase a proposta de Estatutos elaborada pola Comisión Xestora, indicándose que tódolos convocados á Asamblea consituente tiveron acceso a eles vía Web, así coma un procedimente perfectamente claro tanto para a presentación de enmendas coma de delegación de votos.

A presidente informa de que no prazo establecido non se presentou ningunha enreda e que existen 12 votos delegados.

A continuación ábrese un periodo para o debate da proposta de Estatutos, no que se tratan os seguintes aspectos:

1. Obrigatoriedade de ser titulado en Enxeñería Química para ser membro do COEQGa: un asambleario propón a posibilidade de non limitar a entrada ó Colexio doutras titulación, ó que á presidenta resposta que esta consulta xa foi feita á Xunta, que indicou que habería que limitárase ó que di a Lei.
2. Obrigatoriedade de colexiación: un asambleario pregunta sobre a obrigatoriedade de colexiación recollida na proposta de Estatutos, ó que a presidenta resposta de novo que isto debe quedar dese xeito novamente por estar definido na Lei.
3. Deberes dos Colexiados: entre os deberes dos Colexiados recollidos no artigo 22 da proposta de Estatutos, recollése a de “Dar conta ante o Colexio de quen exerza actos propios da profesión sen posuír título que o autorice ou de quen non estea colexiado a pesar de posuílo”. Ábrese un debate para eliminar total ou parcialmente punto do artigo, e finalmente faise unha votación co seguinte resultado:
 - a. VOTOS A FAVOR DE DEIXALO TAL CUAL: 22
 - b. VOTOS A FAVOR DE ELIMINALO PARCIALMENTE: 4
 - c. VOTOS A FAVOR DE ELIMINALO TOTALMENTE: 3
 - d. ABSTENCIÓNS: 0

Por tanto, acórdase deixalo coa redacción proposta.

4. Respecto ó Réxime Económico e ás atribucións da Xunta de Goberno, un asambleario propón limitar a unha cantidade máxima a desviación de crédito fronte os presupostos aprobados na Asamblea Xeral por enriba da cal a Xunta de Goberno deberá convocar unha Asamblea Xeral Extraordinaria. Ábrese un debate para a modificación do punto 2c) do Artigo 51, de xeito que se inclúa a seguinte redacción:

c) Cando sexa necesario atender outros gastos non previsibles e de ineludible cumprimento, salvo que se supere o límite establecido pola Asamblea Xeral a tal efecto.

Finalmente, vótase esta modificación co seguinte resultado:

- a. VOTOS A FAVOR DO CAMBIO: 24
- b. VOTOS A FAVOR DE NON CAMBIALO: 1
- c. ABSTENCIÓNS: 4

Por tanto, acórdase cambia-la redacción inicial.

5. Respecto ó artigo 34 de convocatoria de Xunta de Goberno, un asambleario sinala unha incongruencia na súa redacción, cando di:

*“O Presidente está facultado para convocar o pleno con carácter de urxencia cando, ao seu criterio, as circunstancias así o esixan, ben por escrito, oral, electrónica, telegráfica, telefonicamente ou por calquera outro medio que permita a **constancia escrita** da súa realización.”*

Propónse a seguinte redacción alternativa:

“O Presidente está facultado para convocar o pleno con carácter de urxencia cando, ao seu criterio, as circunstancias así o esixan, por calquera medio que permita a constancia escrita da súa realización”

Por asentimento, acórdase face-lo cambio.

6. Domicilio social: un asambleario considera que se debería buscar outro domicilio para poñer nos Estatutos. A presidenta informa que por temas económicas, polo momento é imposible buscar outro domicilio e que por outra banda é obrigatorio que figure un nos Estatutos. Infórmase ademais, que este domicilio será o lugar onde se poña en funcionamento o Colexio, pois xa se recibiu un permiso positivo por parte da Dirección do centro.

Acórdase por asentimento que a redacción do Artigo nº 4 sexa:

O domicilio e sede do Colexio radicarán en Santiago de Compostela, na rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, Escola Técnica Superior de Enxeñería, sen prexuízo de levar a cabo reunións en calquera lugar do seu ámbito territorial. A Asemblea Xeral poderá, en todo caso, acordar unha nova sede dentro do ámbito territorial, promovendo a correspondente modificación estatutaria.

7. Réxime disciplinario: respecto á redacción do punto 2 do Artigo 58:

2. A sanción de expulsión do Colexio soamente poderá impoñerse por reiteración de faltas moi graves, e o acordo que determine a súa imposición deberá ser adoptado polo Pleno da Xunta de Goberno, coa conformidade das dúas terceiras partes dos seus integrantes.

Propónse a seguinte redacción alternativa:

2. A sanción de expulsión do Colexio soamente poderá impoñerse por reiteración de faltas moi graves, e o acordo que determine a súa imposición deberá ser adoptado polo Pleno da Asemblea Xeral, coa conformidade das dúas terceiras partes dos seus integrantes.

Esta redacción alternativa é aprobada por asentimento.

Ó non haber mais puntos de debate e non existir ningunha enmenda, apróbase enviar á Xunta de Galicia a proposta de Estatutos elaborada pola Comisión Xestora incluíndose as modificacións citadas

Como último punto da orde do día, procédese á presentación de candidaturas e elección dos cargos da Xunta de Goberno. A presidenta da Comisión Xestora informa que ata a data non se recibira ningunha proposta de Candidatura á Xunta de Goberno.

Na Asamblea Consituente só se presenta unha candidatura, encabezada pola Dra. Almudena Hospido Quintana.

Ábrese entón o turno de votación para a aprobación de dita candidatura, co seguinte resultado:

- A FAVOR: 28
- EN CONTRA: 0
- ABSTENCIÓNS: 1

Desta forma, a primeira Xunta de Goberno do COEQGa queda formada por:

<u>Presidenta:</u>	Dra. Almudena Hospido Quintana
<u>Vicepresidente:</u>	D. Iván Seijo Maroño
<u>Secretario:</u>	Dr. Jorge Rodríguez Rodríguez
<u>Vicesecretaria:</u>	Dna. María Botana Rocamonde
<u>Tesoureira:</u>	Dra. Marta Carballa Arcos
<u>Vocais:</u>	D. Antonio Cuevas Iglesias
	Dna. María Francisco Casal
	D. Martin Chao Iglesias
	D. Enrique Toronjo Rio

Deste xeito, unha vez esgotados os puntos da Orde do Día, acórdase levantar a sesión ás 20:15 h, dando por finalizada a Asamblea Consituente do COEQGa

Asdo. Iván Seijo Maroño

Secretario da AXC